

Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Subvencións e axudas

AXUDAS PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE COMEDOR ESCOLAR E ACTIVIDADES XESTIONADOS POLAS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNAS/OS DOS CENTROS DE ENSINANZA PÚBLICA DO CONCELLO DE REDONDELA (CURSO 2023-2024)

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE COMEDOR ESCOLAR E ACTIVIDADES XESTIONADOS POLAS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNAS/OS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA (CURSO 2023-2024)

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, establece as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios tales como o transporte e os comedores escolares.

O Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG nº 26, do 6 de febreiro), regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros de ensino público non universitarios dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. O artigo 2.3 da citada norma prevé que a Administración educativa poderá colaborar coas asociacións de nais e pais de alumnos/as e as súas federacións, cando estas asuman a xestión e organización do comedor escolar.

Así mesmo, e co fin de asegurar a protección social e económica das familias, o artigo 39 da Constitución Española de 1978, obriga aos poderes públicos a apoiar e protexer aos seus membros, en especial aos nenos e as nenas.

A instrución, ordenación e resolución do presente expediente administrativo atopa a súa motivación na necesidade de axudar ás persoas e entidades posibles beneficiarias das axudas, á cobertura dos gastos que ata este momento xa lle xerou a súa actividade no eido educativo e querendo o Concello de Redondela manter un tecido dirixido á mellora no ámbito formativo das persoas mais xoves do noso Concello e ás súas familias.

Dentro do marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado, se establece esta convocatoria coas seguintes bases.



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN

Estas bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de axudas económicas ás Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA) legalmente constituídas que xestionan comedores e actividades extraescolares en centros públicos do Concello de Redondela para o curso académico 2023-2024.

Búscase, ademais, a eficiencia na asignación e a maximización no reparto dos recursos existentes para a realización de actividades que complementen ou suplan aos de competencia municipal.

SEGUNDA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

As axudas económicas irán destinadas a sufragar o custo diario do menú por comensal e polos días de asistencia destes ao comedor, así como o cofinanciamento das actividades extraescolares para as que se solicita a subvención.

Serán subvencionables nesta convocatoria, ademais do comedor escolar, dúas (2) actividades extraescolares.

No caso de saídas ou excursións, só serán subvencionables aquelas que, de acordo co seu destino e obxecto, poida quedar acreditado o seu carácter educativo ou cultural indubidable.

Exclúense especificamente destas bases e convocatoria as seguintes actividades:

- As festas, concursos e celebracións de fin de curso, entroido, e outras de carácter unicamente lúdico.
- Excursións de ocio ou tempo libre.
- Todas aquelas actividades que non sexan organizadas ou realizadas pola ANPA solicitante.
- Aquelas actividades que sexan organizadas ou realizadas polo colexio da ANPA.
- Aquelas actividades ou actos que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorios, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade entre xéneros ou á violencia de xénero.

TERCEIRA.- IMPORTE DA SUBVENCIÓN

O crédito global que se dispón para o outorgamento das axudas a conceder será de 30.000,00€, dos que 20.000€ serán para o cofinanciamento dos comedores escolares con cargo á aplicación orzamentaria 3231A/4890002 e os outros 10.000€ serán para cofinanciamento das actividades con cargo á aplicación orzamentaria 3231A/4890000.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as subvencións concedidas polo Concello de Redondela.



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. Se así fose, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión das subvencións poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

CUARTA.- PERSOAS BENEFICIARIAS

A ANPA deberá cumprir os seguintes requisitos para ser beneficiaria desta subvención:

- Estar inscrita no Rexistro de Asociacións deste Concello.
- Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias coa facenda local e os seus organismos autónomos, ou en situación de liquidación de débedas.
- Atoparse así mesmo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica así como fronte a Seguridade Social.
- Os demais requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para o caso de que se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, en cumprimento do disposto no artigo 11.3 da Lei xeral de subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro) deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles e terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que teña transcorrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 de esta Lei.

QUINTA.- DOCUMENTACIÓN

De acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>).

No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude en papel, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle na base seguinte.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Alcaldía do Concello de Redondela acompañadas dos documentos seguintes:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:P8OC3V3AX5TBKKE8



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

1. Fotocopia compulsada do DNI da persoa que subscribe a solicitude e fotocopia compulsada do CIF da ANPA. Non será necesario achegar as devanditas fotocopias se figuran nun procedemento anterior, do cal deberá solicitar a súa inclusión e especificar a data e o órgano ao que foron dirixidas, e sempre que non transcorresen cinco anos dende a finalización do procedemento no que figuran.
2. O custo do servizo de comedor segundo o modelo que figura como anexo II.
3. Breve memoria descritiva da actividade extraescolar para a que se solicita subvención, segundo o modelo que figura como anexo III.
4. Unha declaración do conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para as mesmas finalidades procedentes das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, segundo o modelo que figura como anexo IV.
5. Unha declaración da entidade solicitante en conforme non concorren en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, así como a de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10.3 da devandita Lei, segundo o modelo que se incorpora como anexo V.
6. Declaración de composición actual do ANPA, segundo o modelo que se incorpora como anexo VI.
7. Para o caso de solicitar actividades, presentárase un anexo III por cada actividade para a que se solicita a subvención. Nese anexo deberase cumprimentar correctamente o apartado do orzamento.

O Concello de Redondela xestionará de oficio o certificado municipal de estar inscrito no rexistro municipal de asociacións e o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local. Ademais, naqueles casos nos que sexa obrigatorio, e sempre que o representante da asociación autorice a este Concello, incorporaranse os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda Autonómica.

Se as entidades non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsane as deficiencias en dez días, con indicación expresa de que se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Redondela enviándose á conta de correo electrónico que conste para tales efectos na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:P8OC3V3AX5TBKKE8



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

SEXTA.- PRAZOS DE SOLICITUDE

Estas Bases publicaranse na páxina web e sede do Concello de Redondela e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O prazo de solicitude é de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

SÉTIMA.- CRITERIOS OBXECTIVOS

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrência competitiva, polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e convocatoria, cos que se determinarán as subvencións a adxudicar segundo as valoracións.

a) AXUDAS PARA COMEDORES ESCOLARES.

Para adxudicar e fixar a contía das axudas teranse en conta o número de alumnos e alumnas usuarios/as do servizo segundo a seguinte fórmula:

- Dividirase a contía total do crédito sinalado nestas bases e convocatoria (base terceira), entre o importe total do custo estimado de todos os comedores dos centros que concorran nesta convocatoria.
- Asignarase a cada asociación a cantidade que lle corresponda en relación directa co seu custo estimado.
- No caso de superar o límite establecido na base terceira, procederase á modificación das cantidades aplicándolle reducións proporcionais a cada unha delas para que a suma total cumpra co devandito límite.

O custo estimado de cada centro obterase pola aplicación da seguinte fórmula: $CE = A \times B$

Onde:

CE	custo estimado do comedor asumido pola ANPA no curso escolar 2023-2024
A	número de pratos servidos no curso escolar
B	custo de cada prato facturado pola empresa de catering

A cantidade asignada a cada centro poderase ver reducida en función da subvención concedida aos usuarios do comedor polo Departamento de Servizos Sociais.

b) AXUDAS PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Para adxudicar as contías destas axudas aplicarase o seguinte sistema de criterios de puntuación:

B.1.-Pola duración das actividades durante o curso. Total máximo 15 puntos.

Duración establecida en meses	0,5 puntos por mes	Máx. 10 meses= 5 ptos.
Duración establecida por semanas	0,15 puntos por semana	Máx. 6 semanas= 0,9 ptos
Duración por días	0,05 puntos por día	Máx. 4 días = 0,2 puntos



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

O total resultaría da suma dos puntos de todas as actividades para as que se solicita a subvención co máximo establecido nas presentes bases.

B.2- Polo contido das actividades a subvencionar. Total máximo 12 puntos.

Contido en materias de reforzo escolar e/ou idiomas	4 puntos
Contido en materias deportivas/físicas	3 puntos
Contido en materias culturais, coñecemento do medio	3 puntos
Contido en materias sobre valores da persoa	2 puntos

O total resultaría da suma dos puntos de todas as actividades para as que se solicita a subvención co máximo establecido nas presentes bases.

B.3-Polo número de participantes nas actividades. Total máximo 12 puntos.

Entre 1 e 10 participantes	1 punto
Entre 11 e 40 participantes	2 puntos
Máis de 40 participantes	3 puntos
Se participa o 100% do alumnado dun curso ou dun ciclo	+ 0,5 puntos
Se participa todo o centro	+1 punto

O total resultaría da suma dos puntos de todas as actividades para as que se solicita a subvención co máximo establecido nas presentes bases.

B.4.- Pola representatividade da ANPA no centro escolar. Total máximo 4 puntos.

A puntuación de cada solicitante obterase de dividir o número de alumnos cuxos proxenitores/titores estean asociados ao ANPA polo total de alumnos do centro. O cociente de dita división multiplicarase por catro (4). O resultado aplicarase a partes iguais entre as actividades solicitadas pola ANPA. No caso de solicitar unha única actividade corresponderalle o importe íntegro da multiplicación.

B.5.- Pola inclusión de alumnado con necesidades especiais. Total máximo 3 puntos.

Por cada actividade na que se inclúa alumnado con necesidades educativas especiais	+ 1 punto
--	-----------

Só se puntúa unha vez por cada ANPA.

B.6.- Pola paridade na composición da xunta directiva. Total máximo 4 puntos.

Paridade	Puntuación
≤ 20% da directiva integrada por mulleres	0
> 20 % e < 40% da directiva integrada por mulleres	2
40% ou máis da directiva integrada por mulleres	4

CONSIDERACIÓNS NO CÁLCULO DA PUNTUACIÓN TOTAL:

1. O total máximo para as actividades será de 50 puntos por ANPA.
2. Calcularase o número total de puntos obtidos polas ANPAS, dividindo ó crédito de 10.000€ entre os puntos totais. Logo de obter o valor de cada punto, calcularase a



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

cantidade correspondente a cada unha das actividades solicitadas e finalmente o total correspondente a cada ANPA.

3. Ambas axudas, Comedor e Actividades, calcularanse por separado e deberanse xustificar tamén por separado.

4. En todo caso, terase en conta o seguinte:

a) O importe da subvención concedida non poderá superar en ningún caso o 100% do orzamento presentado para a realización da/s actividade/s e comedor diminuídas na/s subvención/s declarada/s.

b) No caso de que sumadas todas as cantidades propostas coma subvención para as distintas propostas sobrepuñeran as consignacións totais, procederíase á modificación das mesmas, aplicando as reducións proporcionais a cada unha delas, para que a suma total non exceda da cantidade recollida no artigo terceiro.

OITAVA.- PROCEDIMENTO DA CONCESIÓN DAS AXUDAS

A persoa que instrúa o procedemento será a/o funcionaria/o designada/o pola Alcaldía quen realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a encargada de solicitar aos solicitantes a emenda de posibles deficiencias. No caso de ter que substituír á persoa instrutora, ésta será nomeada por resolución da Alcaldía.

Unha vez avaliadas as solicitudes de acordo cos criterios, formas e prioridades establecidos nestas bases e convocatoria, a persoa instrutora elevará as mesmas a unha comisión de valoración integrada polo concelleiro de Ensino, Iván Valles Rodríguez, que actuará como Presidente, polas concelleiras Iria Vilaboa Álvarez e María del Pilar Martínez González, a funcionaria Elisa Vieites Piquenque actuando coma suplente a funcionaria María Lourdes Fernández Arines e o/a instrutor/a, que actuará como secretario/a con voz pero sen voto. No caso de ter que variar aos membros da comisión ou de nomear suplentes, designaranse por Resolución de Alcaldía.

A/o secretaria/o da Comisión, que tamén será o/a instrutor/a do procedemento, recollerá en acta a sesión da Comisión e, de acordo con ésta, formulará unha proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que conterá as dúas modalidades incluídas: comedor e actividades.

No caso de que a comisión de valoración ou a persoa instrutora usaran datos diferentes dos aportados polos interesados, abríase un prazo de dez días a efectos de alegacións, se así se estima oportuno. Logo de examinar as alegacións presentadas, no seu caso, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo a esta base, a proposta de resolución provisional elevarase a proposta de resolución definitiva e nela deberán constar para cada modalidade, os seguintes datos: a/as persoa/s solicitante/s



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

para a/s que se propón a concesión da subvención, a contía así como o detalle da avaliación total e dos criterios de valoración seguidos para efectuala.

Xunto coa proposta definitiva, a persoa instrutora emitirá un informe no que se estableza que, da información que consta no seu poder, despréndese que as persoas beneficiarias da mesma cumpren con todos os requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto para acceder a esta subvención.

NOVENA.- RESOLUCIÓN

Posteriormente, a proposta trasladarase ao departamento de Intervención para a súa fiscalización de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

A concesión das subvencións realizarase mediante resolución da Alcaldía, no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios municipal da sede electrónica <https://redondela.sedelectronica.gal/board> e notificada aos beneficiarios na dirección que a tal efecto fixeran constar na solicitude a tal fin.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, conforme ós artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

Transcorridos tres meses dende o día seguinte da finalización do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

As axudas teñen carácter voluntario e, polo tanto, non existe obriga de concedelas a todas as solicitudes que se presenten. Non xerarán ningún dereito de cara á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non se poderán alegar como precedente en ningún caso.



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

DÉCIMA.- PRAZO DE NOTIFICACIÓN

O outorgamento das subvencións notificarase electronicamente ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario entenderase que acepta a subvención quedando suxeito ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As persoas beneficiarias están obrigadas a:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa documentación presentada.
2. Xustificar ante o Concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención, reservándose as actuacións de control e auditorías.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.
5. Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
6. Dispor dos libros, rexistros e/ou documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ao beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que a mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.
9. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
10. Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:P8OC3V3AX5TBKKE8



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

11. As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da entidade declarante, deberá realizarse mediante a presentación na sede electrónica do Concello de Redondela dos Anexos VII a XIII destas bases reguladoras, debidamente cubertos, e acompañados da documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación de que a actividade realizada cumpre coa finalidade para a que foi concedida a subvención.

A xustificación será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do Concello e suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida.

Coa xustificación deberase acompañar o importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia.

Esta documentación xustificativa deberá ser presentada antes do 1 de novembro do 2024.

Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince (15) días naturais a petición razoada da persoa solicitante, sempre que así o acorde o órgano que concede a subvención e se solicite antes da finalización do prazo de xustificación da subvención. O prazo prorrogado comezará a contar dende a notificación do acordo da prórroga.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez (10) días que se concederá no caso de presentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

A documentación xustificativa debe acreditar un gasto de, como mínimo, un importe equivalente ao dobre da cantidade concedida.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados no curso escolar 2023-2024.

A xustificación farase coa presentación na sede electrónica do Concello de Redondela, ademais de polos anexos correspondentes debidamente cubertos (Anexos do VII ao XIII), polas facturas correspondentes aos gastos realizados e os seus xustificantes de pago segundo se detalla a continuación.

As facturas presentadas serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e serán correspondentes ao período para o que esta foi concedida.

As facturas deberán indicar en todo caso os seguintes datos:

1. Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
2. Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
3. Número de factura.
4. Lugar e data da emisión da factura.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:P8OC3V3AX5TBKKE8



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

5. Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
6. Período a que corresponda.
7. Non se admitirán xustificantes de pago de facturas en efectivo. Admitirase únicamente o xustificante bancario como medio de acreditación do pago dos gastos obxecto desta subvención.

En ningún caso se admitirán documentos de pago que non cumpran coas anteriores especificacións.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido (gastos realizados no curso escolar 2023-2024 no comedor/actividades) e que, ademais, estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo no caso dos pagos a conta.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados no curso escolar 2023-2024.

Á súa vez, aqueles beneficiarios aos que se lle outorgara unha contía que superase os 3.000€ deberán achegar certificados de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social salvo que autoricen ao Concello a que recabe eses datos. O resto de entes beneficiarios presentará unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Cuestións específicas subvención comedor: No caso de que sexan os usuarios os que abonen directamente o prezo do servizo, a ANPA cambiará as facturas pola entrega da seguinte documentación:

1. Unha declaración da entidade á cal se lle concedeu a subvención indicando que son as persoas usuarias as que abonan directamente o prezo á entidade ou empresa prestadora do servizo, así como o compromiso de ingresar o importe correspondente aos usuarios no prazo máximo dun mes dende o ingreso da subvención por parte do Concello (anexo XI).
2. Un certificado expedido pola entidade ou empresa provedora á que se lle encomendaron os servizos ou actividades na que se corrobore que os gastos derivados da prestación están realmente aboados -especificando o importe total e os importes desagregados por meses, semanas ou días segundo a actividade-, o número de usuarios e menús servidos e o centro escolar ao que corresponden no caso dos comedores.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións nin calquera tributo ou prezo público satisfeito ao Concello. Tampouco serán gastos xustificables os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, recargos e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.



Luns, 22 de xullo de 2024

Núm. 142

Se as axudas doutras Administracións Públicas son superiores ás previstas ou declaradas polo beneficiario no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención desta convocatoria, a contía total de gastos, o importe da subvención verase reducido na cantidade correspondente de xeito que o gasto non sexa inferior ás axudas.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instrutor da base oitava procederá á valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención. No caso de ser favorable, o concelleiro delegado en materia de Ensino elaborará unha proposta que será elevada á Intervención Municipal para a súa fiscalización. Finalmente, o órgano competente resolverá informando da comprobación da realización da actividade e o cumprimento da xustificación, para proceder ao recoñecemento da obriga e ao correspondente pago.

No caso de actividades, o pagamento da subvención alcanzará o 70% do importe xustificado, sendo o límite a cantidade concedida. De non ser así, o importe da subvención verase minorado na cantidade proporcional, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos destas Bases.

Para o caso do comedor, deberase xustificar como mínimo o dobre da cantidade concedida.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo, por resolución da Alcaldía iniciárase o expediente de anulación do correspondente compromiso por revocación da concesión da subvención.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

O procedemento de concesión da subvención publicárase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Redondela.

Así mesmo, cando algunha das subvencións concedidas a un beneficiario supere o importe de 3.000€, a publicación terá lugar no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, mediante un extracto do acordo de concesión das subvencións que indique os lugares onde se atopa exposto o seu contido íntegro.

En todo caso, o acordo de concesión será exposto polo prazo de 30 días no taboleiro de anuncios do Concello da sede electrónica onde se recollerán as bases, a convocatoria, o crédito orzamentario, os beneficiarios, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

Igualmente, será obxecto de publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 4 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

